A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria – urxente que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 3 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO DE DINAMIZACIÓN E MEDIACIÓN SOCIOCULTURAL DA REDE DE CENTROS CÍVICOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 9 de xaneiro de 2018, do concelleiro delegado Espazos Cidadáns, Dereito á da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2018/10.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Concepción Fernández Fernández**, concelleira delegada de políticas sociais, diversidade, saúde e centros cívicos, e presidenta da mesa de contratación da licitación "*Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela*", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 12 de decembro de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador FERROVIAL SERVICIOS SA.

Segundo: Con data 9 de xaneiro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa FERROVIAL SERVICIOS SA (CIF: A80241789), por un importe de **925.822,72 euros/ano** (IVE aparte 21%: 194.422,77 euros/ano), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación da bolsa de horas de subcontratación de 4.800 horas.

Desígnase como técnica municipal directora- responsable do contrato a Dna Guadalupe Rodríguez Silva.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **040 33403 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 933.537’91 euros.
Anualidade 2019: 1.120.245’49 euros
Anualidade 2020: 186.707,58 euros.”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Adxudicar o contrato de **“Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de**

Santiago de Compostela”, a favor da empresa FERROVIAL SERVICIOS SA (CIF: A80241789), por un importe de **925.822,72 euros/ano,** (IVE aparte 21%: 194.422,77 euros/ano), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación da bolsa de horas de subcontratación de 4.800 horas.

Desígnase como técnica municipal directora-responsable do contrato a Dona Guadalupe Rodríguez Silva.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **040 33403 22799,** reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 933.537,91 euros.
Anualidade 2019: 1.120.245,49 euros
Anualidade 2020: 186.707,58 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández